





ANEXO VI: MODELO DE DOCUMENTO “PLAN DE CONTINXENCIA DO IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL ”

O Plan de Continxencia do centro educativo IES Ramón Menéndez Pidal ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

1.	Datos do centro
-----------	------------------------

Código	Denominación
15005257	IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL

Enderezo		C.P.
R/ M ^a Victoria Fernández España		15002
Localidade	Concello	Provincia
A Coruña	A Coruña	A Coruña
Teléfono	Correo electrónico	
981203000	<i>ies.menendez.pidal@edu.xunta.gal</i>	
Páxina web		
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmenendezpidal/		



Indice :

Actuacións previas diante da aparición dun gromo.....	4
Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial.....	6
Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial.....	7





Id.	Actuacións previas diante da aparición dun gromo.
1.	<ul style="list-style-type: none"> • Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19, segundo indicacións das autoridades sanitarias.
2.	<ul style="list-style-type: none"> • Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado: <ul style="list-style-type: none"> - Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais. - A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado: máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva. De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla. • Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.
3	<ul style="list-style-type: none"> • En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4	<ul style="list-style-type: none"> • No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnoado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo



	formado na Covid-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCovid, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.
5	<ul style="list-style-type: none">• A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica con pediatria, ou con atención primaria no caso de ser o alumno ou alumna maior de idade, para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.
6	<ul style="list-style-type: none">• Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguíanse as recomendacións da CSC e, no caso de gromos, da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.
7	<ul style="list-style-type: none">• A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
8	<ul style="list-style-type: none">• A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.
9	<ul style="list-style-type: none">• A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito. (Suxeito ás recomendacións sanitarias vixentes en cada momento).
10	<ul style="list-style-type: none">• A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na resolución que se dite aos efectos do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 así como para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia.

Id.	Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial
11.	<ul style="list-style-type: none"> • O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
12.	<ul style="list-style-type: none"> • O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
13.	<ul style="list-style-type: none"> • Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
14.	<ul style="list-style-type: none"> • Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas: <ul style="list-style-type: none"> a) Creación dun curso por cada materia na Aula Virtual do centro ou a través da aplicación Google Classroom no dominio <i>zalaeta.gal</i> b) Publicación semanal da axenda de tarefas na páxina web do centro, onde se especificarán os traballos por semanas. c) Reunión de coordinación <i>online</i> dos titores e dos equipos docentes de cada nivel para verificar a evolución da formación e detectar problemas. d) Impartición de clases <i>online</i>, sempre que o alumnado teña recursos suficientes para facelo.



Id.	Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial
15.	<ul style="list-style-type: none">Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno á actividade presencial. A reactivación será por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.